


MERCEDES VÁZQUEZ BERTOMEU

A documentación notarial galega na Baixa Idade Media



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA



VÁZQUEZ BERTOMEU, M.: *A documentación notarial galega na Baixa Idade Media, Gallaeciae Monumenta Historica*, Consello da Cultura Galega, 2014.
[Accesible en: <http://gmh.consellodacultura.org/recursos/estudos/estudo/f/99/>]
doi.org/10.17075/gmh.006

A documentación notarial galega na Baixa Idade Media

MERCEDES VÁZQUEZ BERTOMEU

A documentación notarial galega na Baixa Idade Media



A abafante maioría das escrituras que nos axudan a mellor coñecer a nosa Idade Media naceron nunha oficina notarial e, máis alá dos tratos que rexistran, son un testemuño excepcional do esforzo colectivo por crear, adaptar e deseñar un sistema validativo apto para dar forza legal aos actos dos que debe quedar constancia.

As orixes da institución notarial poden albiscarse en Galicia xa desde o século XII. Esta tería nacido nas contornas das sés catedralicias, da man dos señoríos episcopais e da sabedoría legal dos cóengos, no mesmo tempo en que a renovación xurídica e a conformación do novo dereito canónico –e, máis tarde, civil– dan lugar na Europa latina a unha nova realidade e fai agromar o oficio do notariado.

A partir deste momento, en cidades, vilas e xurisdicións foron xurdindo despachos notariais da man dos señores da terra; foise conformando unha carreira profesional, desenvolvéndose a creación das novas formas documentais que agora precisan de estritas formalidades e deseñándose a estrutura e articulado deses contratos que, a partir do século XIII, foron xa en galego. En Santiago neste século podemos ver, por exemplo, como o arcebispo D. Xoán Arias nomea os seus fedatarios e como os instrúe sobre os requirimentos que deben ter as escrituras públicas. O seu punto de partida é o dereito canónico, o *Decretum* de Graciano e, sobre todo, as *Decretales* de Gregorio IX.

Así, a nosa documentación notarial nace da fusión de necesidade e novidade, da adaptación da norma e do seu articulado á realidade autóctona, da tradución dos textos legais e notariais ao galego e do desenvolvemento dunha profesión e praxe notarial.

Instrumentos, rexistros e notas

O legado dos nosos notarios concrétase en diferentes formatos de escrituras, xa que baixo o nome común de «Documentación notarial» se agochan distintas

realidades e, aínda que esta etiqueta nos permite agrupar un determinado tipo de textos e diferenciarlos daqueles procedentes dos ámbitos chancelerescos ou forenses, o certo é que o noso conxunto de documentos notariais resulta bastante heteroxéneo.

Por unha banda están as escrituras outorgadas en pública forma propiamente ditas ou *Instrumenta*: aquelas nas que están presentes todas as formalidades que fan efectivo e válido un contrato (desde unha redacción concreta ata os signos externos de validación). Constitúen o groso do patrimonio documental herdado neste campo.

Por outra banda temos unha relevante colección de escritos que pertencen ás fases preparatorias do instrumento ou aos procedementos de traballo do despacho notarial ou institucional. Como sucede noutras partes de Europa, os notarios practicaban o que se dá en chamar a «tripla redacción»: un breve apuntamento do acto, unha nota máis ampla inserida nun rexistro ou serie e, finalmente, o instrumento ou escritura en pública forma. A eses escritos previos adoitamos chamalos protocolos ou rexistros notariais, malia que o nome empregado polos profesionais daquel tempo era *notas e registros*.

Os libros de notas e rexistro presentan unhas características moi peculiares por canto a redacción documental é un delicado balance entre a brevidade e a conservación do contido informativo, poden ser froito dunha autoría colectiva (os distintos profesionais dun despacho) e teñen unha aparencia bastante singular, caracterizada por unha escritura moi rápida, a presenza de indicacións de uso interno e a omnipresenza da rúbrica notarial. Á hora de achegarse a eles convén non esquecer nunca a súa condición preparatoria, pois con frecuencia ofrecen detalles e impresións que non están presentes na escritura pública.

Sobre esta praxe de libros ou repertorios de notas preparatorias algunhas institucións galegas, como os cabidos, desenvolveron sistemas de rexistro, arquivo e administración que lles permitiron ter un control e acceso permanente á aquela documentación que protagonizan. Nuns casos vaise deseñando desde o século XIV un sistema de rexistro a medio camiño entre o notarial e o chanceleresco, o que constitúe unha singularidade na contorna hispánica; noutros recórrase á creación de libros-arquivo, con escrituras perfectamente validadas. Trátase de solucións diferentes que inducen a pensar en necesidades distintas e propostas autónomas.

Ante esta diversidade convén achegármonos á documentación notarial con certa precaución. É preciso analizar con coidado o material que manexa, desbortar ideas preconcebidas (como as derivadas, por exemplo, da súa descrición arquivística) e prestar atención ao detalle que nos fala da historia detrás do dato histórico. Será unha visión máis enriquecedora.

A redacción dos instrumentos

Nas súas liñas xerais, a documentación notarial galega apenas se diferencia da producida noutros lugares do reino castelán por canto todas teñen a súa orixe común nos manuais de práctica notarial xurdidos en Italia. As diverxencias máis importantes teñen a súa razón na presenza do galego como vehículo da escritura e na importancia do estamento eclesiástico no desenvolvemento da actividade notarial, xa sexa como parte contratante ou como elemento dinamizador. Estas circunstancias provocarán fenómenos específicos tales como a existencia de nomes distintos para designar certas realidades documentais ou a relativa precocidade á hora de implantar formularios de corte boloñés.

O instrumento público caracterízase –ó contrario dos textos das fases anteriores de escrituración– pola súa elaboración xurídica. Esta consiste basicamente en dotar o contrato daquelas seguridades que confiren valor probatorio e executorio. Parte delas refírense á redacción do texto, teñen como finalidade fortalecer o negocio escriturado e xorden nos textos a partir da difusión do dereito romano-canónico, ó principio como expresión dunha vontade persoal (por exemplo, as renunciacións), aínda que se incorporarán finalmente de xeito xenérico á formulación dos documentos.

Á hora de compor os textos, os notarios vólense de repertorios ou formularios onde se recollen e explican polo miúdo estas formalidades e se expoñen consellos xerais sobre a redacción, detallándose toda a variedade de situacións posibles á hora de escriturar un negocio.

Estas obras utilízanse como guías de consulta á hora de elaborar os textos e como manuais de aprendizaxe. Nacidas con anterioridade ó período medieval, desenvólvense e difúndense con forza a partir do século XII. En efecto, desde este momento, primeiro nos ambientes académicos e eclesiásticos e despois en

todas partes, elabóranse este tipo de obras encamiñadas a facilitar o exercicio da profesión notarial. Nacerán formularios xerais, pero tamén específicos destinados á contorna eclesiástica, ás curias rexias ou ás chancelerías menores. Especial difusión alcanzan as obras de Rolandino Passegiero ou Salatiel e tamén certos tratados elaborados para as entidades eclesiais.

Ademais dos manuais de difusión xeral, están os formularios creados nas notarías. En moitas oficinas elabóranse coleccións propias, adaptadas ós negocios máis habituais e á idiosincrasia da clientela local. O mesmo ocorre en audiencias e despachos menores, que conseguen así personalizar e individualizar os documentos propios. Estes formularios son elaborados por un experto (o notario ou o chanceler) a partir doutros tratados notariais, que son acomodados ás necesidades existentes. A súa circulación é restrinxida e en moitos casos non vai máis alá da oficina produtora, transmitíndose dun notario a outro igual que os libros e rexistros.

Non se coñece información ningunha sobre a existencia e uso destes manuais e formularios en Galicia, malia que da lectura dos documentos notariais e chancelarescos se deduce precisamente a existencia de formularios individualizados. Os estudos filolóxicos constatan a tendencia non unificadora dos documentos notariais dos nosos documentos, pero é máis na forma na que se deletrean as palabras que na estrutura dos textos. A difusión de repertorios de uso xeral tería facilitado unha normalización da lingua escrita que aquí non atopamos.

En efecto, os textos compóñense incluíndo as cláusulas documentais habituais e necesarias para a elaboración xurídica do instrumento, pero a linguaxe utilizada nas pasaxes menos influenciadas polo dereito, e a orde mesma na que se redactan, presentan importantes diferenzas locais e temporais. Esta diversidade chega a constatare mesmo nos textos redactados por un mesmo profesional.

Existe, non obstante, unha base común cuxa orixe e alcance é difícil discernir. Maníféstase este substrato especialmente na existencia dun vocabulario técnico xurídico que, independentemente das indecisións á hora de o escriturar, é basicamente o mesmo. En efecto, testemuña este desenvolvemento propio a existencia dunha xerga en romance galego –difundida máis ou menos uniformemente por todo o territorio–, a utilización específica dos termos *notario* e *escrivan*, a forte e específica perduración das palabras *nota* e *registro* ou a exis-

tencia de termos propios para designar algunhas realidades documentais e legais. Todos estes elementos apuntan a existencia dun esforzo de tradución e adaptación, aínda que polo momento se descoñece se frutificou nalgún tratado sobre esta cuestión. Para a elaboración deste novo sistema –xa en galego– posiblemente tomouse un modelo externo, no que poderían ter influído repertorios casteláns, latinos e portugueses.

A documentación conservada unicamente permite intuír esta elaboración de modelos propios, que se compoñerían recompilando mostras de documentos, escollidos ás veces de entre as cartas xa producidas (pois son varios os libros de rexistro nos que o notario titular deixa constancia do seu valor de modelo para a redacción doutros similares). Con todo, é posible pensar que para a redacción dos documentos en latín ou castelán se poida admitir a existencia e utilización de formularios non individualizados.

A estrutura documental

Dadas todas estas circunstancias, resulta difícil extraer conclusións exactas acerca da formulación dos documentos elaborados polos notarios galegos e hai que pensar que, de non existir modelos de difusión xeral, cada oficina elaboraría os documentos segundo un costume propio. A consecuencia máis inmediata é que as mesmas frases e cláusulas se redactan nos documentos cunha organización variable segundo o autor e que un mesmo asunto pode ser escriturado de modos diferentes. A estrutura e mesmo a redacción, non obstante, presentan un fondo común bastante homoxéneo.

A progresiva presenza do castelán desde finais do século XV nos documentos galegos marca un punto final a todo este proceso de creación e adaptación –lingüístico e legal– desenvolvido nas notarías e chancelarías desde que no século XIII comezaran a redactarse escrituras en romance.

Para entón raramente se inician os documentos cunha invocación. No mellor dos casos quedou reducida a unha cruz na marxe superior dos textos, que serán xeralmente relativos ó ámbito eclesial. Só os testamentos máis elaborados conservan a invocación verbal, cuxa forma máis común é *Eño nome de Deus, amen*. Acotío, xa desde o século XIII –seguramente por influencia da lexislación afonsina e

dos tratados notariais boloñeses— os escritos comezan coa data —que desde os últimos anos do século XIV abandona o sistema da Era Hispana—, mencionándose ano, día e mes (ocasionalmente tamén o día da semana). Esta pauta de comportamento abandónase durante o século XV, cando pouco a pouco a data vai pasando ó protocolo final. A continuación, a notificación non só introduce o acto escriturado, senón que con frecuencia informa tamén da súa natureza xurídica. Ás veces mesmo inclúen a mención do lugar e a presenza notarial.

A intitulación presenta varias diferenzas segundo as circunstancias do trato. Se o actor é persoa con plena capacidade xurídica, simplemente se enuncia o seu nome, ó que segue de ordinario a súa condición, título, profesión ou veciñanza; se trata dunha muller casada, faise constar o seu estado civil e a aquiescencia do home; se é un menor, a do seu titor ou curador; se é este quen actúa en nome do orfo farase mención da autorización xudicial; se o actor é un procurador dunha terceira persoa, alúdese á súa condición. Todas estas circunstancias poden xustificarse cun documento acreditativo (outorgamento de consentimento, sentenza xudicial, etc.), que se menciona ou é incluído no teor documental.

Cando o acto é outorgado por un órgano colexiado (por exemplo, un mosteiro, cabido, concello ou confraría), esta parte do texto é máis complexa xa que se menciona a asemblea e o lugar de reunión, a relación de membros asistentes nomeados segundo o seu rango e a existencia dunha convocatoria de acordo co costume e o dereito. Nalgúns contratos —especialmente os relacionados con transaccións monetarias ou inmobiliarias— inclúense fórmulas de espontaneidade, xa que a libre decisión é preceptiva para a validez xurídica do acto que se escritura.

A dirección presenta as mesmas características, se ben cando se trata dunha persoa colectiva a súa mención queda reducida. Non obstante, nalgúns textos (especialmente nos foros) é evidente unha tendencia xeneralizada a nomear o destinatario tras a exposición de motivos, inmediatamente antes do dispositivo. Actor e destinatario quedan unidos na redacción polo verbo dispositivo e nos textos máis narrativos por algún preámbulo ou pola mención da comparecencia ou petición do beneficiario.

Os tipos diplomáticos máis habituais introducen a continuación o dispositivo. A *narratio* ten como finalidade xustificar o feito escriturado, sendo a fórmula máis estereotipada a sentenza *vendo e entendendo que isto adiante contiudo he feito en proueyto noso [...]*. Rexístrase, non obstante, unha gran variedade de

explicacións que tratan os antecedentes do tema ou as motivacións do acto, que presenta o seu maior desenvolvemento nos escritos máis solemnes (testamentos, doazóns, concesións de privilexios, etc.).

O dispositivo é, sen dúbida, a parte menos formularia do teor documental. O seu contido varía tamén en función do carácter do escrito: nuns casos é amplo e de estilo fortemente narrativo (por exemplo, un testemuño de posesión, unha sentenza ou unha instrución); outras veces limítase a relatar sucintamente o acto xurídico; algúns tipos documentais, como foros e vendas, presentan pola contra unha redacción bastante formularia e repetitiva. En calquera caso, contén o verbo executorio e o ben, dereito ou decisión sobre o que se trata.

A parte final do texto contén expresións de transmisión do dereito de propiedade (cando o negocio o require) e de confirmación do trato. As partes obríganse e comprometen a cumprir o pactado, obrigando xeralmente os seus bens.

Co obxecto de facilitar a execución do contrato, as partes renuncian a certos beneficios que lles concede a lei; buscan así reafirmar e asegurar a súa vontade ao tempo que dan garantías á outra parte. Os documentos protagonizados por persoas con dereitos especiais, tales como mulleres ou menores, inclúen as cláusulas renunciativas específicas: *renunçio as leis de Veliano e Justiliano, a exceiçon de menor de ydade e a pedir restituuyçon e entrega dous bees*. Como norma xeral, aparecen sempre nos contratos referentes á transmisión de propiedade ou intercambios monetarios. As máis frecuentes son as de carácter xeral ou as que se aplican a determinados beneficios legais como a *lei do engano e do erro* e a *lei da non numerata pecunia*, que aparecen nun bo número de documentos. Non obstante, é habitual encontralas en todo tipo de contratos e non sempre utilizadas correctamente. Esta circunstancia indica que os notarios coñecen estas cláusulas pero non comprenden ben o seu alcance e aplicación. Curiosamente, tampouco as utilizan todos os profesionais. Son redactadas normalmente de modo breve e sen grandes complicacións e nos rexistros están abreviadas. A súa situación na composición do texto variou ó longo do tempo; os primeiros exemplos (primeira metade do século XIII), sitúanas dentro do dispositivo cara o final; no século XV van na cláusula final do texto coa sanción e roboración.

Finalmente, as partes establecen a sanción ou pena contra os que non acaten ou estorben o cumprimento do contrato e proceden a ratificar a súa decisión reafirmando a validez do trato e a súa escrituración. Algúns tipos documentais

inclúen tamén aquí a aquiescencia expresa dunha das partes; trátase xeralmente de doazóns ou ben de mandatos ou testemuños de carácter xeral que deben ser acatados ou aprobados por unha persoa ou comunidade.

A data non aparece no protocolo final, cando xa se menciona ó principio do documento. Nestes casos recóllese unicamente a expresión *feita a carta en..., ano, mes e día susoditos*. A mención do lugar (data tópica) concrétase xeralmente na referencia á vila; a presenza da data histórica é moi escasa.

A validación iníciase coa nómina de testemuñas, ás que segue a subscrición notarial. Neste espazo, o rogatario dá fe do acontecido, garantíndoo. Valida, así mesmo, calquera emenda ou erro na redacción. Neste espazo a el reservado, o notario inclúe certos datos persoais de interese, independentemente de cal sexa o seu nomeamento e territorio de exercicio: nome, título, a autoridade que lle conferiu o oficio ou a súa condición de titular dun despacho ou de escusador. Acotío hai tamén noticias acerca da tradición do escrito: se a nota foi redactada por outro, se é un novo orixinal elaborado desde o rexistro doutro colega ou se é un traslado concertado e autorizado pola autoridade xudicial. Finalmente, deseña o seu signo.

A autenticación do negocio por parte do notario concrétase no deseño do seu signo. Os profesionais galegos, igual que os seus colegas doutros lugares, pechan con eles os seus documentos. Estes símbolos non presentan, en xeral, características especiais, se ben é evidente que cada vez máis vai adquirindo protagonismo a rúbrica, cuxo uso para validar dilixencias e minutas nos rexistros vén de atrás, reducíndose en ocasións a un simple trazo.

Pero non todos os textos se pechan coa subscrición notarial. Algúns, polas súas características, van unicamente rubricados polos seus autores. A validación autógrafa é especialmente frecuente en sentenzas arbitrais, misivas e testamentos, limitándose a actuación notarial a conferir fe a un acto escriturado por outro. Tamén aparece, por suposto, naquelas escrituras emanadas de autoridades públicas que, aínda que elaboradas por profesionais, non entran na consideración de escritos notariais; nestes casos, a intervención do oficial (escribán ou notario) límitase a referendar a actuación ou decisión da autoridade.

A aposición do selo queda polo xeral restrinxida a institucións e grandes personaxes e para documentos especiais, aínda que é moi común ata ben entrado o século XV usalo como signo validativo dun modelo documental específico: os quirógrafos ou cartas partidas por abc que non se autorizan por un notario público.

En liñas xerais, estas consideracións diplomáticas acerca dos documentos elaborados polos notarios galegos poden dificilmente aplicarse ós contratos alleos ó dereito privado. Efectivamente, as escrituras procedentes do ámbito público ou procesal, así como de certas institucións, presentan algunhas características diferenciadas, derivadas da súa función e da menor importancia da validación notarial.

Aínda na esfera dos documentos notariais máis típicos, son moitas as variantes e peculiaridades á hora de redactar e organizar o texto. En calquera caso, a penetración, especialmente desde mediados do século XIV, dos modelos casteláns é indubidable. Este feito non só se reflicte na crecente ampulosidade dos contratos senón na terminoloxía e a redacción gramatical do instrumento. Durante o século XV, a empuxe destes modelos foráneos será maior, substituíndo desde fins da centuria e en adiante a tradición local.

As notas e rexistros: características

Notas e rexistros distínguense dos escritos definitivos en que carecen das formalidades que confiren valor legal ao instrumento público: redacción completa e axustada a dereito, signos de validación notarial, etc. Isto non quere dicir que non teñan valor legal ou que se trate de notas ou apuntamentos sen maior transcendencia: a partir deses ítems un profesional adestrado é quen de redactar a escritura definitiva orixinal e das notas inseridas nun rexistro cronolóxico avalado polo notario pode elaborar un novo instrumento público (un novo orixinal).

Estas notas obteñen a súa validez da súa presenza nun rexistro cronolóxico onde os futuros instrumentos se insiren un tras o outro (o que imposibilita a inserción de autos a posteriori), da ausencia de correccións e arranxos interesados (os xurdidos na escrituración orixinal están marcados e autorizados polo notario) e da sinatura notarial (polo xeral en forma de rúbrica que abraza a liña final do escrito) que autentica a nota e a pecha.

No seu teor teñen que estar presentes, aínda que sexa dun xeito abreviado, os datos básicos que permitan a redacción do contrato e as formalidades xurídicas necesarias. Por esta razón, na súa sucinta redacción e estrutura é posible albiscar o instrumento ao que dará lugar.

Estas notas presentan en liñas xerais unha estrutura moi semellante á dos instrumentos finais, se ben se diferencian deles pola ausencia das formalidades validativas e tamén pola insinuación –xeralmente pola vía da abreviación– das cláusulas máis formulars ou habituais.

É común –aínda que non preceptivo– que cada entrada comece coa data e a partir dela vanse debullando as coordenadas co negocio: lugar, nomes das partes, acto documentado, cláusulas legais e testemuñas. O máis significativo das entradas dun rexistro notarial é que o estilo de redacción é polo xeral radicalmente diferente ao que vemos reflectido na escritura pública: un texto redactado en estilo obxectivo, en pretérito, de modo claro e conciso. Aquí máis que nunca o notario é unha testemuña –privilexiada– do feito documentado e é o seu relato –desde o seu punto de vista do notario– o que se reflicte nestes apuntamentos.

A elaboración e custodia das notas e rexistros é unha obriga inherente á profesión notarial pero convén non esquecer que acaban sendo ferramentas fundamentais do traballo interno cotián do escritorio. Por esta razón, o emprego desas escrituras moi cursivas, de abreviacións específicas para termos de uso común entre os compañeiros –mesmo nomes hoxe non doadamente interpretables–, a substitución da sinatura por unha rúbrica apresurada, a presenza de notas marxinais que rexistran a saca de exemplares auténticos ou trasladados ou das indicacións para os outros profesionais adquiren un novo sentido: máis alá do acto documentado reflicten o esforzo continuado dos profesionais dunha oficina notarial.

A utilidade deste tipo de ferramentas profesionais foi tal que moitas grandes institucións, como o cabido de Santiago, desenvolveron instrumentos semellantes nos que os distintos notarios públicos contratados copiaban e autorizaban as súas notas que, ao seren inseridas nunha serie cronolóxica ininterrompida, deron lugar a rexistros institucionais dos actos outorgados. Son unha forma orixinal a medio camiño entre libros notariais e rexistros chancelerescos.

A abreviación de cláusulas

A reconstrución do teor orixinal pasa pola lectura e interpretación das pasaxes do texto que foron abreviadas, algo que era común e doado no contexto no que naceu pero que hoxe nos resulta algo máis complicado.

A tendencia xeral é á simplificación das pasaxes máis estereotipados do texto que adoitan ser as cláusulas de renunciación, sanción, obriga e roboración. As locucións abrévianse seguindo os dous principios comúns da práctica notarial (suspensión e etceterado). Aínda que non deben interpretarse como abreviacións *stricto sensu*, non cabe dúbida de que algunhas expresións que suplen a presenza da data ou das testemuñas ou que fan referencia a outros escritos do mesmo rexistro constitúen unha forma de simplificación do traballo notarial: *este dito dia; predito; testes ut supra; outorgaron contrato firme; Ano, dia e mes sobreditos; ts os sobreditos*.

A abreviación das cláusulas nos rexistros presenta –dentro do costume habitual– dúas formas: nun caso enúnciase o principio da frase cunha ou varias palabras ás que segue o etcétera; no outro, este etceterado non consta, aínda que o texto está truncado (suspensión).

En moitos libros notariais galegos, non obstante, é posible atopar abreviacións realmente arbitrarias que non encaixarían co modelo xeral e cuxa única finalidade parece ser dar rapidez ó proceso de redacción ou copia do texto (*e qual das partes etc. pena dosentas dobras etc. e a pena etc. todavia etc.*). Outro grupo limítase a insinuar frases que se redactaron completas na minuta e no instrumento ou a deixar constancia desta ulterior redacción (*e que en outra maneira protestaba, etc; segundo pasou, etc.*).

Se ben o recurso á abreviación por etceterado non pode ser relacionado cun tipo documental concreto, o certo é que este procedemento de redución se aplica normalmente a arrendamentos, cartas de procuración e nomeamento de árbitros (tipoloxías documentais especialmente formularias). En cada un deles o articulado do texto minórase un tanto arbitrariamente –unhas veces si e outras non–; malia que estas cláusulas (completas ou non) non se insiren sempre na nota, sen dúbida existiron no *instrumentum*.

As cláusulas finais do dispositivo son as máis frecuentemente truncadas en todo tipo de documentos. As renunciacións acostuman abreviarse moito (*renuncians, etc.; renunciaron etc*), polo que habrá que interpretalas como xerais. En caso contrario o texto insire completamente ou cunha suspensión algo máis dilatada o contido preciso da lei. As expresións de obriga son realmente máis simples e repetitivas mesmo na súa redacción total, polo que a suspensión está plenamente xustificada: *obligaron, etc.; obligaron seus beens, etc*. Outro tanto ocorre coas sancións: *sob pena o dobro, etc.; pena de çen dobras*. A roboración, en cambio, presenta máis formas

pero cun contido bastante estereotipado: *contrabto firme; outorgaron contrato firme; feceron xuramento; e a pena pagada etc.; e a pena pagada, etc.; todavia, etc.*

A resolución destes pequenos enigmas faise a partir da comprensión da natureza do negocio e das circunstancias das partes, como sería o caso, por exemplo, dos etceterados xerais (*renunziaron, etc; pena do dobro, etc.*) e seguindo, en certo modo, o mesmo proceso que na notaría: partindo doutros contratos inseridos nos rexistros e completándose coas informacións procedentes das escrituras públicas elaboradas para outros clientes polos mesmos notarios ou outros profesionais. Este proceso, xeralmente, non presenta gran dificultade, xa que aínda que non se poida establecer con fiabilidade a redacción exacta do texto, normalmente a abreviación non impide coñecer o sentido xeral da pasaxe.

Resolución das abreviacións máis comúns

A simplificación do texto atinxe, como xa se apuntou, especialmente a algúns tipos documentais e dentro deles a algunhas pasaxes, ben por facer referencia a formalidades legais de sobra coñecidas ben pola súa redacción estereotipada.

No dispositivo dos arrendamentos e foros:

- *con todas suas erldades, casas, casares, vyñas e lagares, paaço, moyño, etc.:* esta fórmula aparece unha vez se mencionan os bens cuxo usufruto se cede. O seu contido é aleatorio pero depende en boa medida das características dos bens arrendados.
- *con mays suas entradas e saydas etc.; as ditas casas e con mays suas entradas e saydas etc.:* utilízase especialmente na descrición de bens urbanos e pretende acoutar claramente o alcance do inmobile cedido.
- *por tenpos en suas vidas çinquenta moravedis de moeda vella, etc., e as voses despois deles sasenta moravedis vellos, etc.:* son varias as solucións a este truncado; en todo caso, preténdese establecer a contía do arrendamento que terá dous custos diferentes, un para o actual beneficiario e outro para os seus sucesores. Normalmente estipúlase tamén a data do pagamento e o lugar.
- Algúns censos inclúen a obrigatoriedade de realizar reparacións que se expresan no teor do contrato, *todo de nouo a ben vista etc.; que repararia as casas etc.:* normalmente especificanse tamén as condicións e o prazo de

realización das obras e alúdese a un visto e prace do propietario ou alguén por el nomeado. Noutras ocasións simplemente é unha obriga xeral que implica para o inquilino o compromiso de facer labores de mantemento.

- *por suas vidas e tres vozes despoys deles, que han de seer nominadas o sucesiue, etc.:* refírese claramente ó proceso de designación dos sucesores no arrendamento.
- *a toda sua ventura, etc.:* os documentos poden levar tamén esta cláusula de salvagarda dos intereses do propietario; o arrendatario asume os gastos ocasionados por inclemencias do tempo ou actos violentos e fortuítos, comprometéndose a pagar sempre a renda acordada. É especialmente frecuente en contratos con entidades eclesiásticas.
- *A qual prometeron de non lla quitar etc.; e non quitar etc.; non quitar a dita teença por mays pension, etc; e prometeron de lle non quitar o dito beneficio para mays pension etc.:* cláusula de obriga, á vez que seguro, esta vez para o arrendatario. O propietario comprométese a non cancelar o contrato antes do seu termo, aínda que reciba ofertas para cedelo en condicións máis vantaxosas.
- *saâou e de pas:* o dono comprométese tamén a respectar a posesión do ben e a defender este dereito fronte a agresións externas, querelas que poidan xurdir sobre os dereitos á propiedade, etc.
- *non vender e traspasar:* pretende reservarlle ao propietario o dereito a supervisar calquera cambio no usufruto do ben cedido.

Estas últimas locucións acostuman acompañarse de expresións de obriga, poñendo as partes o seu patrimonio como aval para cumprir as promesas contraídas.

Nas cartas de poder:

Esta é, sen dúbida ningunha, a tipoloxía documental que ten maior carga legal e formularia no seu teor, non en van foi a primeira en pasar á imprenta e desenvolverse ao xeito dos actuais formularios:

- *deron poder non revogando etc; fezeron e constetuyron por procuradores non reuocando etc.:* esta abreviación inclúese no mesmo centro do dispositivo; pretende manter e reservar a potestade doutros procuradores anteriormente nomeados.

- *con poder de sustituir*: esta cláusula que, con frecuencia, se trunca sen etceterado refírese á posibilidade de que o procurador nomee delegados que executen o mandato.
- *faser todaslas frontas e pedimentos e requerimentos, protestaçoês e istimaçoons etc.*: expresa o contido concreto do mandato dado e varía segundo a finalidade do contrato.
- *pode dar carta de pagamento, entrar en juizio etc. ; e dar cartas de pagamento e faser requerimentos e protestaços, etc.; dar carta e cartas de pagamento, e fazer pedimentos e protestaçoons, etc.*: as delegacións para recadar rendas acostuman incluír este clausulado que ten como finalidade capacitar o beneficiario para exercer todo tipo de accións que poidan ser necesarias para levar a boa fin o encargo que se lle realizou. Admite varias resolucións, no fondo bastante similares, que se adecuan ás circunstancias do momento.
- *poder conprido, etc. ; para ou qual todo eles deron seu poder etc.; eños mellor modo e maneira etc.*: aparecen estas expresións na parte final do dispositivo antes das sancións, aínda que tamén poden estar tras o verbo executivo ou formar parte de cláusulas de obriga. Podería dicirse que a súa finalidade é fortalecer e completar o mandato.

Nomeamento de árbitros ou homes bos

As cartas de nomeamentos de xuíces árbitros son moi frecuentes. Este procedemento é moi habitual para a resolución de conflitos internos e como vía previa ás actuacións xudiciais. Utilízase tamén para nomear comisións de traballo ou delegacións que decidirán sobre disputas internas, estatutos, repartimentos de rendas, etc. A suspensión de cláusulas céntrase especialmente en dous momentos: a exposición de motivos e o compromiso que adquiren as partes.

- *e por se quitaren etc. comprometeron en seus omes bôos etc.; sobre que esperauan aver contenda e por se quitar etc. ; e por se quitar etc.* Deste modo iníciase normalmente o preámbulo dos documentos de nomeamento de árbitros ou *omes boos*. Segue a continuación o nome das partes e o motivo da diferenza.

- *e determinen etc.*: é común non insinuar moito máis esta pasaxe que fai referencia ao marco legal (a costume, os estatutos da confraría ou cabido, a lei xeral, etc.).
- *da qual sentença que asy porlos ditos omens bôos, ambos en hûu acordo fose dada etc. prometeron non apelar, nen suplicar etc.; e non apelar etc.; prometeron de estar por elo, e de non apelar etc.; a qual sentença prometeron de non apelaren nin suplicar etc., antes a tenrran e cunpliran etc., por xuramento que sobre elo feceron*: nesta parte do texto, ambas as dúas partes comprométese a respectar a decisión dos xuíces e a non recorrela. Corroboran a súa decisión cun xuramento, que se complementa coa obriga dos bens; é o compromiso crucial deste tipo documental que reflicte a resolución pola vía extraxudicial dos conflitos.

De uso xeral

Algunhas locucións poden estar presentes noutro tipo de documentos; as máis interesantes son, se cadra, aquelas referidas á situacións e expresións legais. Algunhas son a proba evidente da existencia dun esforzo colectivo por traducir e adaptar os modelos presentes nos repertorios notariais europeos; outras reflicten a incorporación aos teores documentais de normas ou fórmulas recollidas de xeito xenérico nas recompilacións canónicas; finalmente, un último grupo garda íntima relación co traballo notarial.

Renunçio as leyes de Veliano e Justiliano: esta renuncia admite diversas formas de abreviación como *as leys que falan en favor das mulleres* ou a *ley do enperador Veliano*. Refírese ao *Senatus Consultus Velleianus*, que salvagarda os dereitos legais das mulleres e busca a súa protección por canto eran suxeitos legais sen plena capacidade e susceptibles do engano por mor da súa «fraxilidade».

A exceçion de menor de ydade e a pedir restituuyçon e entrega dos bees: tamén enunciada como *renunçio a pedir benefiçion de restituuyçon in integrum*. Alude ao *Senatus Consultus Macedonianus* e ao dereito do menor de idade a revogar un pacto que considere contrario aos seus intereses, mesmo en contra do consentimento, licenza ou consello do seu titor ou gardador.

*A ley do engano e do erro: tamén aludida como a excepción d'engano de mays que a metade do justo prezo e de deçebemento; ou a ley do engano e do erro e masconto; ou aa ley e dereito que fala do engano de aalende de metade do justo prezo; ou a exceçion d'erro e de conto e masconto e d'engano maa. O autor renuncia a demandar unha cantidade maior polo ben vendido, doado ou cedido, malia que o contrato se tivese feito sobre unha taxación errada, dando a demasía como doazón (renuncia baseada na lei romana *Dimidia justii precii summa*).*

*A ley da non numerata pecunia; fórmula moi habitual posto que está presente en todos os tratos nos que hai un pago polo medio, sendo moi probable que desta asiduidade derive a heteroxeneidade do seu enunciado *renunçiou a ley que dis de ynnumerata pecunia; que a paga deve seer feita en presenza de notario e testigos; a ley que dis que fasta dous anos es huun tiudo de probar a paga que se fase, saluo se o que tal paga reseber renunçiar a esta ley; a ley do aver no dado e contado e pagado nen recebido en presenza do notario e das ts*. Supón a renuncia a emprender accións legais so pretexto de non ter recibido o pago.*

interposo o seu decreto, etc. Está presente esta abreviación nas notas que recollen autos xudiciais que autorizan o traslado dun documento por canto os notarios teñen autoridade para elaborar novos orixinais a partir dos seus rexistros pero non para certificar copias auténticas dos instrumentos validados por outros profesionais. A cláusula fai referencia a esta intervención xudicial.

Feita e dada. Con esta breve expresión, presente polo xeral á marxe da nota ou ben ao seu pé, o notario leva control da expedición de escrituras en pública forma a partir do rexistro. Pode indicar cal das partes solicitou o seu instrumento, canto pagou pola súa elaboración ou mesmo se, anos máis tarde, se elaborou un novo exemplar e a petición de quen.

O noso corpus notarial é un froito colectivo da sociedade na que naceu e, como ela, é rico e diverso, o que debe levar os investigadores ao seu estudo desde esta perspectiva global se queren achegarse axeitadamente ao seu contido e á realidade que agocha. Coñecer a natureza e características das fontes que manexamos é o primeiro paso para a súa correcta interpretación e aproveitamento.



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA